

## ACTA

Expediente núm.:

XGL/2019/15

Órgano Colexiado:

A Xunta de Goberno Local

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	10 de xullo de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 13:45 ata as 14:00 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE XUNTAS
<b>Presidida por</b>	FATIMA ABAL ROMA
<b>Secretario</b>	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

**ASISTENTES:** D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cruz Leiro Peña.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1.- Constitución da Xunta de Goberno Local.-

O Sr. Secretario da conta das Resolucións da Alcaldía do 08.07.2019 e 09.07.2019 relativas á determinación de número de membros da Xunta de Goberno Local e de nomeamento de Tenentes de Alcalde.

Ao concorrer a totalidade dos seus membros declárase válidamente constituída a Xunta de Goberno Local.

#### 2.- Expediente 2960/2018. Licenza Primeira Ocupación en Praza Asorey, nº 7 (Promotora: E. R. V.)

1. PETICIONARIA: E. R. V.
2. LUGAR DAS OBRAS: Praza Asorey nº 7 (Cambados)
3. EXPEDIENTE: 2960/2018
4. DATA DA SOLICITUDE: 04.07.2018
5. OBXECTO: Licenza de Primeira Ocupación



Consta licenza municipal outorgada pola Xunta de Goberno Local de 22.04.2014 para rehabilitación de edificio sito na Praza Asorey nº 7 (Cambados)  
Consta certificado final de dirección de obra visado o 29.06.2018  
Consta informe de inspección favorable do Arquitecto Técnico Municipal de 14.02.2019  
Consta informe de Secretaría, favorable, de 09.07.2019  
De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:  
Conceder licenza municipal a E██████████ R███████ V███████ para primeira ocupación de rehabilitación de edificio na Praza Asorey nº 7 (Cambados)

**Outros datos do expediente:**

- Clasificación urbanística do solo: Solo Urbano (Solo Urbano Normas Urbanísticas para o desenvolvemento de Plans Especiais PE-1. Plan Especial de Protección del Casco Histórico de Cambados)
- Referencia Catastral: 5575001NH1057N0003IU

**3.- Expediente 1376/2017. Licenza urbanística - Canalización en San Antón, 9 - Vilariño (Promotor: Unión Fenosa Distribución, S.A.)**

- PETICIONARIO: Unión Fenosa SA
- LUGAR DAS OBRAS: San Antón nº 9 (Vilariño)
- NÚMERO DE EXPEDIENTE: 82/2016
- DATA DA SOLICITUDE: 09.07.2018
- OBXECTO DA OBRA: Canalización

Consta proxecto técnico de RBTS San Antón 9 (Vilariño) redactado polo Enxeñeiro Industrial Miguel Ángel Bernal López visado o 02.12.2016  
Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 23.01.2018  
Consta autorización do Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de 05.05.2016  
Emitiuse informe do Arquitecto Municipal, favorable, de 24.07.2018  
Informe de secretaría, favorable, de 09.07.2019  
De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra maior a Unión Fenosa SA para canalización en San Antón nº 9 (Vilariño) de acordo co proxecto técnico de RBTS redactado polo Enxeñeiro Industrial Miguel Ángel Bernal López visado o 02.12.2016

**Outros datos do expediente:**

- Clasificación urbanística do solo: Ordenanza nº 7: Solo non urbanizable dos núcleos rurais tradicionais
- Orzamento: 4.644,46 €

**Condições:**

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

- Deberán cumprir as condicións impostas pola Deputación Provincial de Pontevedra, no seu expediente de Autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra con nº 2015000975, de data 20 de abril de 2.015.
- Deberán cumprirse as condicións impostas pola autorización da "Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria", repoiñendo o pavimento coas mesmas características que o existente.

- c. Previo ao inicio da obra aportarán ao expediente o plano de xestión de residuos da obra.
- d. A execución das canalizacións axustarase estritamente ao trazado sinalado nos planos. Calquera variación do trazado deberá ser autorizado previamente á súa execución. Comunicarase aos servizos técnicos municipais o replanteo do trazado para a súa verificación.
- e. As obras executáranse baixo a Dirección Técnica da obra do Enxeñeiro Industrial D. Darío Sánchez Maeso.
- f. O coordinador de seguridade e saúde será o que designe a promotor, sendo asumida dita coordinación polo Director e Obra en ausencia de nomeamento.
- g. Deberá dispoñer a pe de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- h. O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.
- i. Deberá dispoñer en obra da Licenza e Proxecto selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberán entregar unha segunda copia idéntica á documentación que servíu para a concesión da licenza.
- j. As obras axustaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se leve a cabo sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
- k. De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 17 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras se indican a continuación:
- \* Iniciación, dentro do mes seguinte ao outorgamento da licenza.
  - \* Interrupción máxima de 1 mes, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.
  - \* Finalización dentro do prazo de 3 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
- l. Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa o u simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización, e liquidar as taxas correspondentes.
- m. En todo caso a instalación non poderá ser utilizada ata que as obras non sexan rematadas completamente, debendo solicitar/comunicar no seu momento ao Concello a finalización, xuntando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como, se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.
- n. Deberán terse en conta e cumprir os condicionantes impostos polas autorizacións sectoriais.
- o. Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición.

#### 4.- Expediente 3960/2017. Licenza urbanística - Adecuación local para oficina e almacén en Rúa Beleco, 4 (Promotor: M█████ A█████ C█████ L█████)

1. PETICIONARIO: M█████ A█████ C█████ L█████
2. OBXECTO DA OBRA: Adecuación de local para oficina e almacén
3. LUGAR DAS OBRAS: Rúa Beleco 24 (Cambados)
4. EXPEDIENTE: 3960/2017
5. DATA DA SOLICITUDE: 11.10.2017

Consta proxecto de adecuación de local para oficina e almacén redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Daniel Sineiro Fontenla visado o 09.10.2017  
Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal de 02.04.2018, favorable  
Informe de Secretaría, favorable, de 09.07.2019

O Sr. Charlín Trigo abstense na deliberación e votación do asunto  
De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos concelleiros presentes no acto, acorda:

Conceder licenza municipal de obra maior a M~~...~~ A~~...~~ C~~...~~ L~~...~~ para adecuación de local para oficina e almacén na Rúa Beleco 24 (Cambados) de acordo co proxecto de adecuación de local para oficina e almacén redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Daniel Sineiro Fontenla visado o 09.10.2017.

**Outros datos do expediente:**

- a) Clasificación urbanística do solo: Solo Urbano: Ordenanza nº 3 de bloque de casas.
- b) Altura Máxima da Edificación: 10,00 m, equivalente a baixo e dous pisos.
- c) Orzamento: 28.001,86 €

**Condicións:**

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:

- a) O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de remate dun ano, dende a data do seu outorgamento. Non poderá interromper as obras por tempo superior a seis meses.
- b) A licenza entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.
- c) Os medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán coas disposicións mínimas de seguridade nas obras de construción. RD 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar aos usuarios e instalacións da vía pública é competencia unicamente do contratista. As estadas cumprirán a Norma UNE 76-502-90 é o Documento de Harmonización HD1000 de xuño de 1998 adoptado polo Comité Europeo de Normalización (CEN) o 2/9/1998.
- d) Unha vez rematada a obra deberá presentarse comunicación previa para o inicio da actividade.**

**5.- Expediente 3876/2018. Comunicación previa.- Acometida de sumidoiro en Avda. de Vilariño, 57 (Promotor: J~~...~~ M~~...~~ S~~...~~ S~~...~~)**

Rfª Catastral: 5874807NH1057S0001JD

Vista a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 29/04/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**6.- Expediente 4859/2018. Comunicación Previa - Conservación e mantemento de cuberta en Rúa Emilia Pardo Bazán (Promotor: R~~...~~ C~~...~~ F~~...~~)**

Rfª Catastral: 5574014NH1057S

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 15/03/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.



**7.- Expediente 384/2019. Licenzas Urbanísticas.- Vivenda unifamiliar en Cacabelos, s/n (Promotora: Claudia Brigit Bragosa)**

1. PETICIONARIA: Claudia Brigit Bragosa
2. LUGAR DAS OBRAS: Cacabelos – Vilariño (6972830NH1067S0001MJ)
3. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 384/2019
4. DATA DA SOLICITUDE: 30.01.2019
5. OBXECTO DA OBRA: Vivenda Unifamiliar

Consta proxecto básico do Arquitecto Julio L. de Miguel Castro  
Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 15.04.2019, favorable  
Consta informe de secretaría, favorable, de 09.07.2019

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra maior a Claudia Brigit Bragosa para vivenda unifamiliar no lugar de Cacabelos (Vilariño) de acordo co proxecto básico do Arquitecto Julio L. de Miguel Castro.

**Outros datos do expediente:**

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 6: Solo urbano de entidades rurais de poboación
- b) Orzamento: 112.066 €
- c) Ocupación: 222,18 m<sup>2</sup> < 50%
- d) Edificabilidade: 256,82 m<sup>2</sup> < 0.60 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- e) Parcela 888,00 m<sup>2</sup> > 400m<sup>2</sup>
- f) Altura: 3.16 m < 7.00 m
- g) Uso: Vivenda Unifamiliar Aparcamiento 1ª Categoría
- h) Superficie de cesión: 55,45 m<sup>2</sup>

**Condicións:**

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

1. As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto Julio de Miguel Castro.
2. O Director de Execución de Obra será o Arquitecto Técnico que designe co proxecto de execución. Deberá presentalo co Proxecto de Execución.
3. A Coordinación de Seguridade e Saúde será levado a cabo polo Arquitecto/Arquitecto Técnico. Deberá presentalo co Proxecto de Execución.
4. No caso de non designar técnico Coordinador de Seguridade e Saúde, deberá ser asumida pola Dirección de Obra.
5. Deberá dispoñer a pe de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
6. A superficie cedida será pavimentada cunha base de macadam de 20 cm. e rego semiprofundo e capa de 6 cm. de mezcla bituminosa en quente.
7. Non poderán iniciarse as obras sen a presentación do correspondente proxecto de execución axustado ao proxecto básico autorizado.
8. Se xuntará certificación do Arquitecto redactor de que o proxecto que se presente se axusta estritamente ao proxecto básico autorizado ou en caso contrario, incluírase unha memoria de cambios que inclúan memoria e planos.
9. Xuntarase o Estudio Xeotécnico do terreo, conforme ao CTE DB SE.
10. Deberá procederse á conexión cos servizos existentes no núcleo, de acordo coas indicacións das empresas de servizos municipais, debendo estar en todo caso ás indicacións que ao respecto establezan os servizos técnicos municipais.
11. A promotora farase cargo das responsabilidade a que dera lugar, extremando as precaucións de seguridade co obxecto de evitar riscos ás persoas e ás cousas.
12. O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e á autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras



solicitadas.

13. Deberá dispoñer en obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.

14. As obras axustaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.

**8.- Expediente 3786/2018. Comunicación previa.- Acondicionamento interior de local en Rúa Fonte de Fefiñáns, 2 - baixo B (Promotor: ~~Banco de Turismo~~, S.L.)**

Rfª Catastral: 5574034NH1057S0005FJ

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/01/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**9.- Expediente 3904/2018. Comunicación previa.- Reparación de cobertizo en Pardiño, 18 - Vilariño (Promotora: Mª ~~Concepción~~ ~~Stoñán~~ ~~Clavos~~)**

Rfª Catastral: 36006C501000620001BZ

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/01/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**10.- Expediente 3840/2018. Comunicación previa.- Peche de finca en Laxes, 42B - Corvillón (Promotor: ~~José Antonio~~ ~~Paulín~~ ~~Vázquez~~)**

Rfª Catastral: 6190135NH1069S0001ET

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/01/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**11.- Expediente 4596/2018. Comunicación previa.- Muro de peche en Adro, 25C - Castrelo (Promotor: ~~Vicente~~ ~~Muñoz~~ ~~Paulín~~)**

Rfª Catastral: 5533504NH1053S0001KF

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 25/04/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0017 Data: 16/07/2019



Cod. Validación: ~~5533504NH1053S0001KF~~  
Documento firmado electrónicamente desde el portal de infor.gal

**12.- Expediente 1425/2018. Comunicación previa.- Piscina privada descubierta en Xesteira, 120-B - Castrelo (Promotor: Carlos B. C.)**

Rfª Catastral: 6222704NH1062S0001MQ

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 21/03/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**ACTA DE XUNTA DE GOBERNO**  
Número: 2019-0017 Data: 16/07/2019



Cod. Validación: <http://cambados.sedelectronica.gal/>  
Documento electrónico firmado e autenticado por el Concello de Cambados, I.D. 16/07/2019